

Comba Campoy **Texto**
 Fernando de Paz **Fotos**

Día das Letras Galegas:

entreculturas

Partiamos dun certo desánimo e compensámolo con risos. O Día das Letras Galegas non pode ser unha celebración distante, como rezaba o título do faladoiro, porque parte da reafirmación dun sentimento de pertenza, da reivindicación dunha lingua compartida que precisa, máis ca nunca, do noso agarimo. Apela ás emocións e ao sentimento de ser, e debe facelo a través do elemento lúdico, do gozo lector, da participación activa da sociedade. Partiamos dunha sensación de desgaste, de que pouco resta por probar para facer deste día unha celebración compartida e vivida intensamente. A calor da conversa fíxonos ver que, como deixou escrito o homenaxeado este ano, a forza do noso amor non pode ser inútil.

Que pensará Don Paco del Riego do que deu de si a súa idea de adicarlle un día ao libro galego? Ninguén dubida que foi fundamental para o desenvolvemento da cultura galega nos case cincuenta anos transcorridos desde aquel ano fundacional de 1963. Euloxio Ruibal considera indiscutíbel o éxito da celebración. “O que medrou o sistema literario galego desde aquela non podería ter sido sen o Día das Letras Galegas”. Luís Gonçalves, “Foz”, achega un detalle pouco coñecido. “Paco del Riego escolleu o 17 de maio, o día no que veñen asinados os *Cantares Gallegos*, pero tamén o aniversario da constitución das Irmandades da Fala. E non creo que iso se lle escapase á súa cabeza que está aínda moi ben”. Desde a súa orixe, a celebración tivo unha orientación claramente política, aínda que o momento recomendase centrala no aspecto máis cultural. Nesa liña, Branca Novoneyra lembra como seu pai traballou intensamente nos días lindeiros co 17 de maio, porque “a súa visión era traballar nun pobo cunha conciencia nacional mínima, no que é moi importante unha celebración e unha reivindicación da lingua e da escrita, como é o caso das Letras”. Na cativa repercusión social atopa Bragado o problema. A diferenza do 23 de abril, onde a sociedade catalá se mobiliza de xeito masivo, o Día das Letras non conseguiu converterse, como quixera Del Riego, “nunha data de orgullo para a cidadanía galega”. Por iso, sen negar todos os elementos que fan da conmemoración imprescindible, “temos que darlle unha volta”.



Cal pode ser a causa dese afastamento da sociedade? Bragado pensa que “a Academia puido caer nunha certa ritualización da celebración, á que non foi alleo o goberno galego, especialmente os do PP, que non axudaron a popularizar a data”. Os medios de comunicación (os comerciais, puntualiza) terían sido cómplices desa liturxización. “Algúns anos sacaban as portadas en galego ese día, agora se cadra atopamos sorpresas. Sacan un suplemento, porque é o único día no que os editores poñemos publicidade; unha sorte de imposto revolucionario que temos”. Euloxio,

afectos que atallan distancias




quen, dadas as diferenzas entre as sociedades galega e catalá, considera inxusta a comparación co Sant Jordi, insiste en que non se pode falar de fracaso da celebración, dada a cantidade de actos que se celebran ao seu redor. Respecto da ritualización da data, achega unha nova perspectiva ao problema, sen negalo. "Que pode facer a RAG no Día das Letras? Pois un acto académico. Nos últimos anos estase organizando ademais un congreso ao redor da obra e da vida do homenaxeado. Os países, sobre todo os que están na nosa situación (desprotexidos, minorizados) necesitan

máis ca outros de ritos. Necesitan xuntarse, reforzar ideas comúns, porque estamos en pleno proceso de construción da identidade, e temos demasiados atrancos". Unha idea na que coincide Foz: "Non sei por que nós temos que desmitificar a Breogán ou Pardo de Cela, cando os españois mitifican Viriato, pastor lusitano, ou o Cid, un mercenario inventor do cheque sen fondos como ben saben os xudeus de Carrión. Os que queren desmitificar, que comecen por eles". Máis alá do elemento simbólico, e volvendo á problemática sobre o alleamento social do Día das Letras,

Euloxio exculpa a Academia, cuxa función se limita á escolla da figura homenaxeada. "A RAG propón e é a sociedade a que ten que poñelo a funcionar. E os gobernos, que teñen a obriga, que non están a cumprir, de defender e promover a cultura galega". Nel Vidal coincide na exoneración á Academia de responsabilidade no que el denomina "rutinización" da conmemoración. "Todos sabemos o que se vai facer, ano tras ano. Cambia a autora ou autor pero os concellos fan actos seguindo un esquema coñecido (conferencias, maratóns de lectura, compra de libros para repartir...); Política Lingüística fai a mesma exposición cambiando o autor todos os anos; os movementos de defensa da lingua convocan a mesma manifestación... Unha falta de imaxinación da que somos responsábeis todas e todos. Temos que cumprir, se queremos que algo cambie, un papel máis activo e imaxinativo".

As propostas para acadar unha celebración máis participativa irán xurdindo a medida que a conversa avance. Mais cómpre non deixar de lado unha das principais virtualidades do Día das Letras, como Mercedes Queixas vén lembrar. "É unha oportunidade única para divulgar, nunha sociedade que aínda está profundamente desinformada e non é coñecedora da súa propia historia. Hai que facer un labor de pedagogía social moi importante. Non debemos esquecer que aínda a maior parte da sociedade galega non foi alfabetizada en galego. Non lle pidamos á sociedade o que previamente non lle demos".



Non sei por que nós temos que desmitificar a Breogán ou Pardo de Cela, cando os españois mitifican ao Cid, un mercenario inventor do cheque sen fondos como ben saben os xudeus de Carrión. Os que queren desmitificar, que empecen por eles.

Luis González Masco, Poz

Unha oportunidade didáctica

Fala Mercedes desde a súa faceta docente da importancia do Día das Letras como elemento vertebrador dunha programación didáctica que se prolonga todo o curso. "Para a escola é moi importante ese momento no que sabemos a quen se lle vai adicar. En moitos centros é un elemento nuclear dunha programación didáctica. Arredor de Uxío podes traballar interdisciplinarmente; é unha didáctica moito máis rica, que vai máis alá de ler unha obra ou unha escolma de poemas, ou dar unha biografía plana. E non se fala do Día, senón da Semana das Letras. É unha aposta por poñer na primeira liña a cultura galega." Fai unha defensa emocionada do papel que o ensino vén desempeñando na promoción da lingua galega, nun contexto onde a castelanización avanza a pasos de xigante. O Día das Letras tería contribuído a reforzar ese papel, ao achegar un pretexto para falar dunha figura, unha obra e un momento histórico que, doutra maneira, non tería presenza nas programacións do ensino obrigatorio. Bragado coincide no papel fundamental do ensino na promoción da celebración. "O que fixeron os centros escolares nos últimos trinta anos é histórico. Este pulo da celebración escolar, que ao igual que a lectura nos centros escolares é menosprezada de forma absolutamente inxusta, tivo unha inflexión a partir do momento no que se converteu a data do 17 de maio en festiva. E isto lévanos a un debate rico, que ten moitos matices, se non sería interesante estudar a posibilidade de remover esta efeméride a día lectivo

para organizar outro tipo de mobilización lectora e desde o espírito fundacional arredor do libro galego e da reivindicación literaria do autor".



As razóns esquecidas do festivo

Efectivamente, o debate é rico. Os argumentos gravitaron, de novo, entre o elemento simbólico e o pragmático. O libreiro Xosé Antón Pedreira, representando o segundo, puxo sobre a mesa unha realidade pouco alentadora que el coñece ben. "Para nós o Día das Letras empeza dous meses antes e remata nin máis nin menos o 17. A partir de aí, ese autor desaparece. Sendo día feirado, como é, só o un por cento das librerías abren. En Compostela levamos moitos anos saíndo á rúa unha serie de librerías. Moita xente nin sabe que é o Día das Letras Galegas, só saben que é un día festivo, é triste pero é

así". Vidal rebate o pesimismo de Pedreira cos seus mesmos argumentos. "Iso permitevos saír á rúa, explicarlle á xente porque estades aí...".

Insiste na importancia simbólica de que se lle adique un festivo á cultura galega. E cre que os concellos pode-

Os concellos compran centos de libros do autor ou sobre o autor homenaxeado. Desas compras, só o dez por cento pasan pola librería, o resto salta ese filtro, lexitimamente para as editoriais pero non para as institucións. **Re: Vidal**

rían cumprir un papel compensatorio nese descenso das vendas do que se laia Pedreira. "Os concellos compran

Enriquecer coa diversidade de propostas e experiencias

Acudiron á cita **Mercedes Queixas**, profesora e secretaria da AELG; o director de Edicións Xerais, **Manuel Bragado**; **Nel Vidal**, técnico de normalización lingüística do concello de Carballo; o dramaturgo e membro da Real Academia Galega **Euloxio Rodríguez Ruibal**; e a bailarina e poeta **Branca Novoneyra**. Ás súas voces uníronse outras amigas, como a de **Alfonso García Sanmartín**, **Luís Gonçalves "Foz"**, ou a do libreiro **Antón Pedreira**, que achegaron as súas reflexións para facer do **Día das Letras** unha celebración compartida e participada.

centos de libros do autor ou sobre o autor homenaxeado. Desas compras de libros, só o 10 por cento pasan pola librería. O resto saltan ese filtro, lexitimamente para as editoriais, pero non para as institucións, que deberían apoiar esa canle de distribución. E por iso non creo que as vendas teñan que condicionarse por que sexa festi-

Reedicións e revisións, máis compromiso ca negocio

En contra do lugar común, as Letras Galegas non constitúen un negocio. Tampouco para as editoras. "O mesmo que se considera popularmente, e moitas veces dino os responsábeis políticos, que o libro galego é un sector subvencionado, considérase que os libros

libro galego dos escaparates. Tamén nas feiras do libro, que acaban de eliminar a obriga de ter o 30 por cento de libro en galego". Por iso Mercedes non entende que se acuse de oportunismo aos axentes culturais que aproveitan a figura homenaxeada para colocar as súas obras no limitado mercado cultural galego. "Sempre saudarei toda produción que provoque o 17 de maio, independentemente do seu formato, por suposto sempre respectando a obra do autor escrupulosamente".

Para a escola é moi importante ese momento no que sabemos a quen se lle vai adicar. É un elemento nuclear dunha programación didáctica, e non se fala do Día, senón da Semana das Letras. Mercedes Queixas



vo". Euloxio concorda. "O feito de que ese día sexa festivo ten un simbolismo moi grande. Iso non quita que nese día non se poida chegar moito máis á cidadanía".

Nesa liña, Bragado achega un argumento fundamentalmente práctico. "Sendo festivo permitiría o desenvolvemento, desde o serán do 16, de distintas actividades, a incorporación de novos hábitos culturais, das novas xeracións, porque o obxectivo está en que se volva a reler, a visitar os autores".

que se publican arredor do autor homenaxeado son todos subvencionados ou son enormes negocios". Explica Bragado que, malia o esforzo por aproveitar a prescrición escolar dos libros editados, "non conseguimos o obxectivo fundamental, que Novoneyra por exemplo presidise este ano as cifras dos libros máis vendidos en galego". Pedreira insiste no seu desánimo respecto do seu gremio. "Non hai compromiso, non só no día das letras; o resto do ano ocultan o

Sobre iso pode falar Branca Novoneyra, nun ano no que á súa familia lle están a chover as propostas desde distintos ámbitos da creación. "Traballamos, desde antes de comezar o ano, para que a súa obra sexa reeditada tal e como el quería. Porque Uxío deixou pechado todo o que quixo dicir. Aínda que con boa intención, algunha xente traballa desde a simplificación e o reduccionismo da figura das letras. Este ano nós quixemos evitar iso, e se houbo que bloquear proxectos, bloqueáronse. Aínda así, colaboramos coa maior parte da xente que presentou proxectos rigorosos, e sobre todo coas editoriais, porque o que nos interesa é que a figura de Uxío quede nas



súas obras. Nalgúns momentos tendeu a esvaecer a figura das letras sobre a súa biografía, cando realmente o que hai é que lela. As nosas xeracións teñen que facer a relectura actual que non se podía facer hai 50 anos. Non é o mesmo falar de *Os eidos* agora que hai 30 anos". Outra cuestión complexa é a xestión dos dereitos de autor, máis nun caso como o de Novoneyra, que finou hai só dez anos. "Parece que porque son as letras galegas a figura é de todos. E neste caso non é así; é un autor cunha propiedade intelectual moi clarificada, e a familia mirou moito que a súa palabra estivese axustada ao que el quixo, porque consideramos que é a única forma de que esta persista e que sexa un referente potente e activo para a sociedade, máis aínda neste ano".

Unha escolla pouco polémica

Ningún dubida en considerar oportuna a elección do homenaxeado este ano, nin que, como apunta Bragado, "a figura de Novoneyra axudará a repuntar a celebración". Porén, o proceso de elección por parte da Real Academia é frecuente obxecto de polémica. Algúns dos presentes apuntan á posibilidade de modificar algúns dos criterios, como a inclusión de autores vivos. Branca cre que sería un erro. "Parece que as novas xeracións temos un problema de referentes, como que todo o do pasado molesta. E é todo tan contemporáneo

aínda! Fálase de que as Letras son como exequias, sobre xente morta... Son xente que morreu hai moi pouco e é moi importante traballar sobre a memoria e sobre referentes activos, e non tratar de diluílo levándoo ao mediático". Euloxio explica con coñecemento de causa o sistema vixente. "É segredo, segundo os estatutos non podemos comentar como foron as discusións. Iso xera certo misterio, fanse cábalas, filtrase algo... E ás veces saen a relucir cousas que non corresponden á realidade. Cada quen pode propoñer cantos escritores queira. Veñen propostas

*Aínda que con boa intención,
algunha xente traballaba desde o
reduccionismo da figura de Uxío.*

*Nós quixemos evitar iso, e se houbo
que bloquear proxectos,
bloqueáronse. Branca Novoneyra*

de fóra, que se teñen en conta, pero procuramos actuar con liberdade, para que a Academia teña a súa independencia". Para Nel, 10 anos de marxe son un tempo prudente; "o tempo é o único que canoniza". E incide sobre outra proposta, a da apertura a outras expresións artísticas. "Sería interesante ir máis aló de escritores ou escritoras, establecer un criterio de creación de contidos sempre coa lingua como ele-

mento común. Por que non unhas letras a Andrés Dobarro?" Euloxio teno claro. "Penso que non sería oportuno, porque se perdería, en moitos casos, a exaltación da lingua. Non estaría mal que outras academias, como acaba de facer a das ciencias, elixan unha figura anual para honrala. Entón uns días potenciarían a outros". E achega outro motivo para manter os actuais criterios: "Hai aínda moitos autores desaparecidos, que merecen unha lembranza e que se lles adique o día. Sempre quedan moitos autores ás portas". E deste xeito rebátase a quen considera que as letras galegas non teñen suficientes figuras merecedoras da homenaxe. Como di Mercedes "O Día das Letras ten todo o futuro do mundo e autores e autoras temos na recámara moitísimos, con méritos sobrados".

Inundar as rúas de libros

Alfonso García Sanmartín devólvenos á diagnose crítica de partida. "Da miña experiencia como docente teño claro que era moito máis festivo e celebrativo hai uns anos do que agora. E diso



somos todos un pouco culpábeis, tamén os políticos. Penso que o labor de imaxinación ten que ir máis polo camiño de chegar á xente do común, que polo de reconfortarnos os que xa estamos confortados na lingua". Bragado retoma o exemplo catalán; "conseguiron vencellar o libro ao amor, á amizade. Cada persoa ten que agasallar un libro e unha rosa a outra persoa que ama. E esa creación marabillosa de vencellar o libro ao ámbito da afectividade ten consecuencias extraordinarias para o mercado do libro catalán, e en catalán, especialmente". A sociedade galega estaría aínda lonxe desa situación ideal. "Estamos falando dun proceso histórico de varias metas. Os obxectivos son levar os libros á rúa e levar os cidadáns galegos ao coñecemento do autor ou autora homenaxeada. Xeitos de facelo?" O propio Bragado apunta varios, empezando polo deseño dun calendario de celebracións arredor do libro, cun peso destacado para o 17 de maio. Algo previsto na Lei do Libro e a Lectura, pendente de desenvolver. Outra proposta sería trasladar a celebración a todos



os lugares do país. "Non pode celebrarse só na localidade ou nos espazos propios do autor homenaxeado; a xente ten que vivir o día na súa localidade, ten que saír da casa e vivir ese ambiente". Foz incide na necesidade de achegar a celebración á xente. "Eu lembro os primeiros anos das letras galegas, e realmente chegábase, con Rosalía, con Castelao, vaia se se chegaba. Temos que renovar, si, pero hai moitas cousas que están xa inventa-

A literatura galega ten que estar coas outras manifestacións artísticas ese día. Cando nos están tratando como estranxeiros na nosa patria polo tema da lingua, o dezasete de maio non nolo poden roubar. Manuel Bragado

das. Xosé María Álvarez Blázquez levaba os seus libros ás feiras e mercados, os libros aqueles do Moucho...". Efectivamente, moitas propostas son coñecidas, como a da asociación dos veciños do Couto, que anualmente organiza unha intensa programación arredor do Día das Letras, e que, para Mercedes, demostra que "o pobo común, a base, é capaz de artellar un proxecto no que todo o mundo da contorna se implica". Fálase tamén de recuperar as lecturas públicas e compartidas, ou de

integrar distintas expresións nunha celebración ininterrompida desde a véspera, emulando as experiencias das noites brancas nos museos. O que Bragado nomea "seráns dos libros". "A literatura galega ten que estar coas outras expresións artísticas, ese día ten que ser de mobilización dos músicos, da xente do teatro, da danza... Nun momento onde nos están tratando como estranxeiros na nosa patria polo tema da lingua, ese día non nolo poden roubar". A reivindicación da lingua semella indefectiblemente aparelhada á celebración, un síntoma do contexto no que vivimos. Vidal aposta por facer da necesidade virtude, e "utilizarmos a celebración das letras para vender a marca lingua, a marca galego. Vendendo a marca galego estás vendendo a marca cultura galega e creando un elemento de atracción". Alén do uso da linguaxe mercadotécnica, Vidal alude á coincidencia do 17 de Maio co Día de Internet. Algo a aproveitar para ir adaptando a celebración aos tempos. "Hai outros medios e outros soportes de transmisión da palabra, alén do libro. Temos que conseguir achegar iso á rúa, aos bares, ás redes sociais..."

Todo isto, traballando desde a imaxinación e os afectos, se cadra nos leve a facer do Día das Letras unha celebración máis cálida e menos distante. Unha meta compartida e, a teor das enerxías congregadas nesta conversa, posíbel.